

BIBLIOTECAS ESCOLARES, LECTURA E EDUCACIÓN EN INFORMACIÓN NA LOE

A Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, no seu preámbulo afirma a necesidade de que a educación prepare adecuadamente para vivir na nova sociedade do coñecemento e enfrontar os retos derivados do impacto que ten no desenvolvemento social a acelerada evolución da ciencia e a tecnoloxía.

No artigo 1, sinálanse como principios do sistema educativo, entre outros, a calidade da educación para todo o alumnado, independentemente das súas condicións e circunstancias, a concepción da educación como unha aprendizaxe permanente, que se desenvolve ao longo de toda a vida, e a flexibilidade para adecuar a educación á diversidade de aptitudes, intereses, expectativas e necesidades do alumnado, así como aos cambios que experimenta o alumnado e a sociedade.

No relativo aos **finos do sistema educativo**, a LOE recolle no artigo 2, punto 1, apartado h) **a adquisición de hábitos intelectuais e técnicas de traballo, de coñecementos científicos, técnicos, humanísticos, históricos e artísticos, así como o desenvolvemento de hábitos saudables**, e no punto 2 do mesmo artigo especifica que **os poderes públicos prestarán atención prioritaria ao conxunto de factores que favorecen a calidade da ensinanza**, entre eles a dotación de recursos educativos, **o fomento da lectura e o uso de bibliotecas**. Máis detalladamente, o **artigo 19 sinala que na educación primaria, a fin de fomentar o hábito de lectura, se dedicara un tempo diario á mesma; o artigo 26, pola súa parte, sinala como un principio pedagóxico para o ensino secundario obrigatorio, a dedicación dun tempo á lectura na práctica docente de todas as materias, coa mesma finalidade. Polo que respecta ao bacharelato, o artigo 33 da Lei Orgánica de Educación contempla como obxectivo o afianzamento dos hábitos de lectura, estudo e disciplina como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe, e como medio de desenvolvemento persoal.**

O artigo 113 da LOE fai unha mención específica ás bibliotecas escolares sinalando, entre outras cuestións, que os centros de ensinanza disporán dunha biblioteca escolar, que estes recursos educativos **contribuirán a fomentar a lectura e a que o alumnado acceda á información e outros recursos para a aprendizaxe das demais áreas e materias, e poida formarse no uso crítico dos mesmos**, debendo contribuír estas bibliotecas escolares a facer efectivos os principios pedagóxicos referidos á lectura, anteriormente citados. O punto 4 deste artigo sinala que a organización das bibliotecas escolares deberá permitir o seu funcionamento como espazo aberto á comunidade educativa dos respectivos centros.